



CONCELLARÍA DE DEPORTES

COMUNICADO

Logo de ver o Diario Oficial de Galicia do día martes 19 de xaneiro de 2021, DOG núm. 11-Bis, onde se publicou o Decreto 5/2021 e a Orde da Consellería de Sanidade, ambos do mesmo día 19 de xaneiro, a Concellaría de Deportes, en cumprimento da normativa sanitaria, comunica as seguintes actuacións nas instalacións deportivas municipais:

1. Os deportistas/adestradores de competicións de ámbito local ou autonómico non poderán usar os vestiarios nas instalacións deportivas municipais. Os deportistas/adestradores de competicións de ámbito estatal continuarán cumprindo o protocolo aprobado no seu día polo Concello da Coruña

Para os deportistas/adestradores de ámbito local ou autonómico habilitarase un espazo alternativo para o cambio de roupa ou para depositar os efectos persoais mentres se estea a adestrar ou competir. Ese espazo poderase utilizar soamente por 1 persoa ao mesmo tempo.

Non obstante, no caso de actividades de piscina pódense utilizar os vestiarios para secarse e para cambio de roupa, con distancia suficiente, estando totalmente prohibido o uso da ducha.

2. **Todo tipo de actividade física e deportiva** (federada e non federada) **quedaría suspendida ás 21:45 horas** co fin de que se poida respectar o toque de queda. Os deportistas e adestradores deberán abandonar as instalacións deportivas coa antelación suficiente para estar nos seus domicilios ás 22:00 horas.

3. Os deportistas federados que compitan en **categoría autonómica e local deberán respectar ademais o peche perimetral** da cidade da Coruña, polo que as persoas que non sexan residentes nesta cidade non poderán acudir a adestrar nas instalacións deportivas municipais.

4. Non estará permitida a patinaxe non federada nin o uso recreativo das piscinas.

5. O aforo de espectadores nos partidos das instalacións deportivas municipais continúa como ata agora. Os asentos están sinalizados e deberanse respectar tanto polos organizadores como polo público asistente.

6. Os adestramentos e competicións de categoría nacional continúan como ata o de agora (segundo o seu protocolo federativo).

7. Suspéndense as competicións de carácter autonómico e local.



8. Os adestramentos orientados á competición autonómica ou local deberanse realizar en grupos de 4 persoas + 1 adestrador/a ou monitor/a.

Os grupos deberán estar moi separados, non interactuar e ter sempre a mesma composición (grupo estable). Non pode haber cambios entre as persoas que compoñen o grupo. **Un mesmo monitor/a ou adestrador/a poderá estar ao tempo con máis dun grupo.**

As direccións das instalacións deportivas indicaranlle ás persoas usuarias a división das instalacións e o aforo máximo.

Achégase con este comunicado un Anexo indicativo da división inicial, non obstante, a dirección da instalación deportiva poderá variar a división se o considera necesario.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

A concelleira delegada de Deportes

Mónica Martínez Lema



ANEXO

Aforo máximo e divisións de instalacións deportivas (excepto categoría nacional).

INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA DIRECCIÓN C.D. TORRE – ARSENI IGLESIAS

1.- CAMPOS MUNICIPAIS DE FÚTBOL

1.1- Cidade Deportiva da Torre – Arsenio Iglesias

Campos nº 1 e 2

Grupos 4+4+4 (1 monitor/a)	Grupos 4+4+4 (1 monitor/a)
Grupos 4+4+4 (1 monitor/a)	Grupos 4+4+4 (1 monitor/a)

Campos nº 3 e 4

Grupos 4+4+4 (1 monitor/a)	Grupos 4+4+4 (1 monitor/a)
----------------------------	----------------------------

Campo nº 5

Grupos 4+4+4 (1 monitor/a)

1.2.- Campos Municipais de San Pedro

Campos nº 1 e 2

Grupos 4+4+4 (1 monitor/a)	Grupos 4+4+4 (1 monitor/a)
Grupos 4+4+4 (1 monitor/a)	Grupos 4+4+4 (1 monitor/a)

1.3. – Campo Municipal Rodrigo García Vizoso (Grela-1)

Grupos 4+4+4 (1 monitor/a)	Grupos 4+4+4 (1 monitor/a)
Grupos 4+4+4 (1 monitor/a)	Grupos 4+4+4 (1 monitor/a)



1.4.- Campo Municipal Víctor Fernández Alonso (Leyma)

Grupos 4+4+4 (1 monitor/a)	Grupos 4+4+4 (1 monitor/a)
Grupos 4+4+4 (1 monitor/a)	Grupos 4+4+4 (1 monitor/a)

2.- PAVILLÓNS MUNICIPAIS

2.1.- Pavillón Municipal dos Rosales (división en 3 partes por cortinas)

4+4 (1 monitor/a)	4+4 (1 monitor/a)	4+4 (1 monitor/a)
-------------------	-------------------	-------------------

2.2. Pavillón Municipal de Labañou

4+4 (1 monitor/a)	4+4 (1 monitor/a)
-------------------	-------------------

2.3.- Frontón da Torre

4 (1 monitor/a)	4 (1 monitor/a)
-----------------	-----------------

2.4.- Ximnasio dos Rosales

4 (1 monitor/a)	4 (1 monitor/a)
-----------------	-----------------



INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA DIRECCIÓN POLIDEPORTIVO BARRIO DAS FLORES

1.- BARRIO DAS FLORES

- Pista central dividida en 2 sen cortinas:
 - 2 grupos de 4 + 1 monitor/a en cada metade.
- Ximnasio dividido en 2 sen cortinas:
 - 2 grupos de 4 + 1 monitor/a.

2.- SAGRADA FAMILIA

- Pista central dividida en 3 por cortinas:
 - 2 grupos de 4 + 1 monitor/a en cada terzo.
- Ximnasio dividido en 2 sen cortinas:
 - 2 grupos de 4 + 1 monitor/a.

3.- SAN FRANCISCO JAVIER

- Pista central dividida en 2 por cortinas:
 - 2 grupos de 4 + 1 monitor/a en cada metade.
- Ximnasio dividido en 2 sen cortinas:
 - 2 grupos de 4 + 1 monitor/a.

4.- VENTORILLO

- Pista central dividida en 3 por cortinas:
 - 2 grupos de 4 + 1 monitor/a en cada terzo.



5.- NOVO MESOIRO

- Pista central dividida en 2 por cortinas:
 - 2 grupos de 4 + 1 monitor/a en cada metade.

6.- POLIDEPORTIVA 2

- Pista dividida en 2 sen cortina:
 - 2 grupos de 4 + 1 monitor/a en cada metade.

7.- POLIDEPORTIVA 1

- Pista dividida en 2 sen cortina:
 - 2 grupos de 4 + 1 monitor/a en cada metade.

8.- SALA DE HALTEROFILIA – CASA DA AUGA

- Espazo dividido en 2 sen cortina:
 - 2 grupos de 4 + 1 monitor/a en cada espazo.



INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA DIRECCIÓN C.D. RIAZOR

PISTA CENTRAL PALACIO DOS DEPORTES

No caso dos equipos profesionais de categoría nacional, continuarase cos protocolos específicos ditados para estes, xa que ao estar sometidos a probas PCR, poden interactuar entre eles.

No caso da patinaxe con deportistas en competición nacional e internacional, permítese un máximo de 6 persoas en pista actuando ao mesmo tempo e o resto fóra (neste caso 3 ou 4 patinadores/as), para que poidan ir intercambiando as súas coreografías individuais sen xuntarse.

Resto de deportes federados, máximo de 8 xogadores en cada metade da pista, subdivididos en 2 grupos estables de 4 individuos, e un monitor/a en cada unha das metades, coa ratio 1/8.

PISTA CENTRAL	
Equipos profesionais	Marcado por protocolo específico
Clubs patinaxe con deportistas en competición nacional e internacional	Máximo 6 en pista
Resto deportes federados	4+4 e 1 monitor/a (1/2 pista)
	4+4 e 1 monitor/a (1/2 pista)

PISTAS DE ATLETISMO CUBERTAS PALACIO DOS DEPORTES DE RIAZOR

O máximo de persoas autorizado quedaría en 4 grupos de 4 deportistas cada un, situados nas seguintes zonas: 1 grupo de 4 na recta de chegada e outro na contrarrecta, así como 1 grupo en cada unha das dúas medias lúas existentes. O número de adestradores será mínimo de 2.

PISTAS DE ATLETISMO	
Clubs de atletismo federados e centros de formación profesionais	4+4 e 1 monitor/a (recta e media lúa)
	4+4 e 1 monitor/a (contrarrecta e media lúa)



XIMNASIOS A, B e C PALACIO DOS DEPORTES DE RIAZOR

Autorízase ata un máximo de 2 grupos estables de 4 individuos cada un con 1 monitor/a.

XIMNASIOS A, B e C	
Clubs federados e resto usuarios/as (EDM, centros de formación)	4+4 e 1 monitor/a

MULTIUSOS C e MUSCULACIÓN B PALACIO DOS DEPORTES DE RIAZOR

O aforo máximo destes espazos sería de 5 persoas de maneira individual ou grupo estable de 4 e adestrador/a.

MULTIUSOS C e MUSCULACIÓN B	
Clubs federados e resto usuarios/as (EDM, centros de formación)	4 + 1 monitor/a = total 5 persoas (individual)

AULAS PALACIO DOS DEPORTES DE RIAZOR

Poderán utilizarse por grupos de máximo de 4 persoas máis un monitor/a, excepto no caso dos equipos profesionais de categoría nacional, no que se poderá ampliar o número ata 10 deportistas máis o adestrador/a, seguindo os seus protocolos federativos.

AULAS	
Equipos profesionais categoría nacional	Máximo 10 deportistas + 1 adestrador/a
Clubs federados e resto usuarios/as (EDM, centros de formación)	4 + 1 monitor/a Máximo 5 persoas individuais

FRONTÓN DE RIAZOR

Debido a ter maiores dimensións que as dun polideportivo tipo e aínda que neste momento non dispoña de cortinas separadoras, estímase que pode albergar o mesmo número de usuarios/as que un polideportivo con cortinas separadoras, é dicir 6 grupos de 4 individuos, situados en cada un dos terzos sinalados, con 3 monitores/as en total.



FRONTÓN

Clubs federados e resto usuarios/as (EDM, centros de formación)	4+4+4+4+4+4 e 3 monitores/as
---	------------------------------

ROCÓDROMO DE RIAZOR

Ademais se podería compatibilizar ao mesmo tempo cos usos do Rocódromo ata un máximo de 8 persoas de maneira individual ou 2 grupos de 4 máis un monitor/a (aforo máximo 9).

ROCÓDROMO

Clubs federados e resto usuarios/as	4+4 e 1 monitor/a Máximo 8 deportistas individuais
-------------------------------------	---

MUSCULACIÓN FRONTÓN PALACIO DOS DEPORTES DE RIAZOR

No caso dos equipos profesionais sometidos a PCR (Liceo, Basquet e Silva) seguiranse os mesmos criterios que ata a data, aténdose aos protocolos de cada un de eles. Para o resto de usuarios/as, máximo de 2 grupos estables de 4 persoas con 1 monitor/a.

MUSCULACIÓN FRONTÓN

Equipos profesionais	Marcado por protocolo específico
Clubs federados e resto usuarios/as	4+4 e 1 monitor/a

PISCINA

Polo momento a instalación permanecerá pechada por obras.

PISTAS ATLETISMO AIRE LIBRE ELVIÑA DA UDC

Posúen o seu propio protocolo dependente da UDC